



Concello de Cospeito

hoAsunto: Proceso selectivo para a contratación de Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais 2026

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

DON ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO, ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIONES DO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO), EN USO DAS ATRIBUCIÓNS LEGALMENTE CONFERIDAS

Vista as bases do proceso selectivo para a contratación da Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais 2026 publicadas no BOP de Lugo o 17 de xuño de 2026.

Vistas e examinadas as instancias recibidas no prazo outorgado.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 459/2026 de data 26 de xuño de 2026 da Lista provisional de admitidos e excluídos, concedéndose un prazo de dous (**2 días hábiles**) para que as persoas interesadas puidesen emendar os defectos ou achegar a documentación requerida.

Visto que unha vez rematado o prazo concedido para a emenda de solicitudes, examinouse a documentación presentada polas persoas interesadas e comprobouse que aquelas que figuraban provisionalmente excluídas por defectos emendables procederon, no seu caso, á súa correcta emenda .

Vista Resolución da Alcaldía nº 471/2026 de data 30 de xuño de 2026 onde se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos o nomeamento do tribunal e data , hora e lugar da proba práctica.

Vista a Acta do Tribunal de data 06/07/2026 na que se da traslado a esta Alcaldía da proposta do Tribunal para a fixar una nova data de examen dado que a Resolución da Alcaldía nº 471/2026 foi publicada na páxina web municipal pero non na sede electrónica como era perceptivo según a base 5ª das bases reguladoras do proceso selectivo.

Co gallo de emendar o erro material garantindo a máxima concorrencia e igualdade de condicións de todos os aspirantes, resulta obrigado suspender a data sinalada e proceder a unha nova convocatoria do exercicio práctico coa debida publicidade formal.

Por canto antecede, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Deixar sen efecto a convocatoria da proba práctica prevista para o día 06/07/2026, ao terse detectado un defecto formal na súa publicación no Taboleiro de Anuncios oficial.

SEGUNDO.- Sinalar como nova data para a realización do exercicio práctico, no mesmo lugar inicialmente previsto:

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

DECRETO
Número: 2026-0490 Data: 06/07/2026

Cod. Validación: 4J1RE7HZ6HT56HXDKCWDGNST
Corrección: <https://concellocospeito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





Concello de Cospeito

- **Data: MARTES, 7 de xullo de 2026 ás 11:00 horas procederase á realización do exame (fase oposición), na nave municipal do Concello de Cospeito.**

TERCEIRO.- Proceder á súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ó seguinte Pleno ordinario que se celebre.

Don Armando Castosa Alvariño,
Alcalde-presidente

Dona Ana María Rubiera Álvarez,
Secretaria Xeral

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

DECRETO
Número: 2026-0490 Data: 06/07/2026

Cod. Validación: 4J1PE7HZ6HT56HXDXKCWGDNST
Corrección: <https://concellodecospesito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

